

Posibles cuestións do Tema 1 - O Antigo Réxime- que poden entrar na proba escrita do día 05-11-19.

1. Ordena cronoloxicamente os seguintes feitos:

☐ Dous tratados sobre o goberno civil, de Locke; ; ☐ O contrato social, de Rousseau; ☐
Publicación do primeiro volume da *Enciclopedia*; ☐ O espírito das leis, de Montesquieu; ☐
Tratado de Utrecht; ☐ A Paz de París pon fin á guerra dos Sete Anos; ☐ The Bill of Rights

2. Explica as diferencias entre:

- Sistema gremial/*domestic system*
- Campos abertos/campos pechados
- Señorío territorial/señorío xurisdiccional
- Monarquía absoluta/monarquía parlamentaria

3. Explica os seguintes procesos e fenómenos:

- Sistema de equilibrio europeo.
- Despotismo Ilustrado.
- O gran comercio internacional.
- O inicio da transición demográfica na segunda metade do século XVIII.

4. Analiza as características fundamentais do pensamento ilustrado e explica en que se opoñían ao Antigo Réxime. Que achegas dos pensadores ilustrados continúan vixentes?

5. Le o seguinte texto e responde as cuestións:

Entre as clases privilexiadas e as que ocupan os últimos lugares da xerarquía social, a burguesía do século XVIII afiánzase como a plataforma na que vai gravitar proximamente o peso total das manifestacións políticas, económicas e culturais da humanidade. No transcurso das centurias precedentes, a burguesía nacional fíxose cargo da dirección do capitalismo comercial e financeiro, á vez que se infiltraba na agricultura e na administración do Estado. Esta gran burguesía chega ao Dezaioito ennobrecida, formando parte das clases aristocráticas do país.

Pero a masa burguesa, a que en conxunto se apropiou do nome do terceiro estado, abre as portas do século cun novo ímpeto, forza e ideoloxía. Entre esa burguesía non privilexiada, alta e baixa, negociantes, industriais, homes de leis, patriciado urbano, difúndense as novas concepcións ideolóxicas, racionalistas e críticas, que postulan unha transformación política e social. Porque a burguesía, de espírito emprendedor e innovadora, coñecéndose como elemento vital da sociedade do seu século, pretende quebrantar as prescricións e privilexios que lle vedan o acceso aos cargos públicos e ao exército e a colocan en posición desvantaxosa fronte ás clases sociais aristocráticas.

JAIME VICENS VIVES, Historia xeral moderna, 1952

- Que proceso describe o texto?
- Que dous grupos integraban a burguesía do século XVIII segundo o texto? Que diferencias establece o autor entre eles?
- A que novas concepcións ideolóxicas difundidas entre a burguesía máis emprendedora fai referencia Vicens Vives?
- Cres que o modelo social sobre o que reflexiona o autor no texto era válido para todos os estados europeos do século XVIII? Xustifica a túa resposta.